

Programación infantil con apego

PRIMAVERA

www.apego.gal

www.apego.santiagodecompostela.gal



Venres en familia

CSC do Ensanche ás 18h

15 de abril: Plantamos unha horta

22 de abril: Obradoiro de encadernación e marcapáxinas

6 de maio: Customizamos camisetas

13 de maio: Facemos blandibulú

20 de maio: Xogos na Alameda

27 de maio: Rastrexo polo Ensanche

3 de xuño: Descuberta fotográfica

17 de xuño: Descubrindo as portas de Santiago

A partir de 5 anos acompañados dun adulto.

Inscrición no CSC do Ensanche ou no 981 543 001 ata comezar a actividade.

Historias da Maletira

Raquel Queizás

Mércores 13 de abril ás 17.30h

CSC de Santa Marta

Todas as letras xuntiñas viaxan e xogan dentro da miña Maletira e cando a abro corren para fóra bailando e formando palabras que xogan á roda e me contan historias.

4 a 12 anos

Caldo de letras

Akira

Sábado 16 de abril ás 18h

CSC de Santa Marta

Descubrir xuntos as posibilidades das letras do alfabeto: entoación, sons, significados, emocións..

3 a 9 anos

Ler conta moito

Don Quixote

Limiar Teatro

Martes 19 de abril ás 18.30h

Teatro Principal

Comedia gastronómica que mestura narración oral, manipulación de obxectos e cociña en directo para dar lugar a unha versión diferente da obra de Cervantes.

A partir de 6 anos

5 €/familiar 4x3 no Teatro Principal ou en Abanca

Contiario

Pablísimo

Mércores 20 de abril ás 19h

LSC de Amio

Martes 3 de maio ás 18h

CSC das Fontiñas

Mércores 11 de maio ás 17.30h

CSC de Santa Marta

Sábado 21 de maio ás 18h

LSC de San Lourenzo

Pasen e vexan! Pasen e escoiten!... Achéguese aos contos máis raros, interesantes e exóticos do mundo!

0 a 6 anos

Libros para coidar a Terra

Anxo Moure

Venres 22 de abril ás 19.30h

CSC de Vite

Para celebrar o Día da Terra e o Día do Libro.

4 a 12 anos

Un conto ao revés

Chuches Amil

Venres 22 de abril ás 19h

LSC de Marrozos

Martes 26 de abril ás 18h

LSC Cardeal Quiroga

Eirín e Milucha traspasan cada noite os portóns do mundo dos soños na nave do afable monstro Suitjar, co que vivirán un feixe de aventuras maravillosas.

3 a 12 anos

Contos para despois da chuvia

XVI Campaña municipal de animación á lectura

Galería Sargadelos

23 de abril ás 11.30h e ás 12.30h. Do berce á lúa: sesións de contos para bebés

14 de maio ás 12h. Clausura da campaña

Reserva no Departamento de Educación

Un percorrido seguro en familia

Policía Local

Venres 29 de abril ás 18h

CSC do Ensanche

A seguridade viaria nos nenos/as: cuestión de familia. Aprendemos sobre todo por imitación de condutas.

A partir de 5 anos acompañados dun adulto

Inscrición: 981 543 001 ou CSC do Ensanche

Todo me fala de ti

Uxía Senlle e Magín Blanco con Santi Cribeiro

Sábado 30 de abril ás 18h
CSC de Santa Marta

Diversos ritmos e estilos musicais para os versos de Manuel María.

Programa FalaRedes da SXPL

Romaría cativa

Un espazo onde gozar dunha programación musical e de circo que encha a praza da Inmaculada de cores de festa durante a Ascensión.

Venres 6 de maio de 17.30 a 20h. Pitusa Semifusa e A Gramola Gominola, animadas por Peter Punk

Sábado 7 de maio de 17.30 a 20h. Isla Letriska, Migallas, Titiriteiros de Binéfar presentados por Paco Nogueiras

Había unha vez...

Fabaloba

6 e 27 de maio, 3 e 10 de xuño de 18 a 20h
CSC de Conxo

Aprendemos a contar contos, intercambiamos historias e maneiras de contalas e pasamos bos momentos cos nosos pequenos e pequenas.

Nais e pais con nenos ata 6 anos

20 prazas, por orde de inscrición enviando un correo a dlg@santiagodecompostela.org

Sistemas de retención infantil

Policía Local

Mércores 11 de maio ás 18.30h
CSC do Ensanche

Charla teórico-práctica para nais e pais.

Contos vellos e novos

Pavís pavós

Venres 13 de maio ás 19h
LSC Casco Histórico

Xoves 19 de maio ás 18.30h
CSC de Vite

Recuperamos a nosa tradición con formatos contemporáneos.

4 a 12 anos

O poeta do Miño.

Unha homenaxe a Manuel María

Polo correo do vento

Venres 13 de maio ás 19h
CSC de Conxo

A perda da inspiración dun poeta de moita sona desencadea unha viaxe polo Miño.

A partir dos 7 anos

Ler conta moito

A orixe

Raquel Queizás

Sábado 14 de maio ás 18h
LSC de Figueiras

Narración oral, manipulación de obxectos e monicreques para compartir as historias que trae a exploradora da súa viaxe polo mundo.

A partir de 8 anos

A bigota de Mimi

Fátima Fernández

Venres 20 de maio ás 18.30h
CSC de Vite

A Mimi gústalle perseguir ratos todo o tempo, pero que lle pasaría se perdera o bigote?

A partir dos 3 anos

Ler conta moito

Maxia e contos

Leo Leño

Sábado 21 de maio ás 18h
LSC de Verdía

Venres 17 de xuño ás 19h
LSC da Pontepedriña

Ademais de historias, aprenderemos algún truco de maxia!

4 a 12 anos

A casa encantada de Ali

Fabaloba e Luís Prego

Xoves 26 de maio ás 18h
CSC do Castiñeirío

Unha historia contada, cantada e pintada a través dun kamishibai para que crianzas e maiores coñezan recursos en galego para a etapa infantil.

0 a 6 anos acompañados de ata dúas persoas adultas Aberto ata completar 20 nen@s

Neno e lingua, unha oportunidade

Manuel Núñez Singala

Martes 31 de maio ás 17.30h
CSC de Santa Marta

Charla divulgativa para nais e pais

Prende no colo

Luís Prego

Mércores 1 de xuño ás 18h
CSC do Ensanche

Cantigas, cantos de berce, xogos de dedos, recitados... para iniciar as crianzas no ritmo e na melodía.

0 a 3 anos acompañados de ata dúas persoas adultas 20 prazas, por orde de inscrición enviando un correo a dlg@santiagodecompostela.org

Contando en feminino

Lisístrata

Sábado 4 de xuño ás 18h
CSC de Santa Marta

Contos desde a perspectiva de xénero e igualdade.

3 a 12 anos

Ler conta moito

Os contos dos ratiños

Trinke-trinke

Martes 7 de xuño ás 18h
CSC das Fontiñas

Mércores 8 de xuño ás 17.30h
CSC de Santa Marta

Sábado 18 de xuño ás 18.30h
LSC da Lavacolla

Martes 21 de xuño ás 18.30h
LSC de Marantes

Os Ratos da Biblioteca proceden de Lonxedeto, onde os libros e a lectura ocupan un lugar sobranceiro na vida da comunidade.

4 a 8 anos

Palma repalma

Pavís pavós

Venres 10 de xuño ás 18.30h
CSC do Ensanche

Escoitaremos e xogaremos con pequenas historias que falan de cousas cotiás e nas que se enlazan ditos e cancións.

0 a 4 anos acompañados

Aberto ata completar 20 nen@s

Día da seguridade viaria

Policía Local, Bombeiros, P. Civil

Venres 10 de xuño de 10 a 13h
Praza do Obradoiro

Seguridade viaria infantil e emerxencias.

En caso de chuvia trasládase á Feira de Amio

Mariña, contos nados do mar

Raquel Queizás

Martes 14 de xuño ás 19h
LSC de Casa Agraria

Venres 17 de xuño ás 19h
CSC de Vite

Mariña foi unha serea galega que viviu entre nós hai moitos anos. Agora sae da auga para compartir todas as súas historias connosco.

4 a 12 anos

Un paseo por Compostela en tren

Sábado 25 de xuño ás 10h e domingo 26 de xuño ás 12h

Praza do Obradoiro

Unha visita aos lugares máis emblemáticos da cidade contada para @s peques.

Imprescindible reservar en Turismo de Santiago ata o venres anterior. Prezo: 4 €/peques, 6€/adultos. De balde ensinando este folleto. Chegar 15 minutos antes da hora de saída.

Coa colaboración de Autocares Mosquera

Santiago mmm... que rico!

Xogo-guía

Un libro-guía que propón un xogo de probas para coñecer Santiago a través da gastronomía.

8 a 12 anos

Turismo de Santiago (Rúa do Vilar, 63 – aberta todos os días). Os exemplares en galego son de balde para os/as nenos/as que presenten este folleto (ata finalización de stock), o prezo xeral son 4 €.

+INFO:

www.apego.gal

www.apego.santiagodecompostela.gal



Laranco



Paparubio



Picapeixe



Andoriña



Rabruvio



Estorriño



Lavandeira



Garza



En primavera... Ómos ver aves ás Brañas do Sar!

A primavera é unha época marabillosa para saír dar un paseo e observar aves. Algunhas están connosco todo o ano, como os estorriños, outras, como as andoriñas, chegan buscando a calorífera, e tamén as hai que neste tempo migran a outras terras, como as garzas.

O parque fluvial das Brañas do Sar é o lugar perfecto para pasar unha tarde de sol en familia e mirar para o ceo ou albiscar onde aniñan ou onde comen.

Se seguides o noso Apego Po polos camiños que vos propoñemos, pode que vexades moitas das aves que aparecen á esquerda. Pero, antes de saír, seredes quen de atopalas no mapa?

Para saber máis:

- As aves. A Mesa pola Normalización Lingüística
- avesensantiagodecompostela.wordpress.com